


Escritores no Camiño

[Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla](#)



As Torres de Oeste en Catoira



Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla

55 kms

A ruta do Mar de Arousa e Río Ulla re-crea o itinerario que tería realizado o corpo do apóstolo cando chegou a Galicia tras sufrir martirio en Xerusalén, na primeira metade do século I. A Translatio do corpo de Santiago produciuse desde o porto palestino de [Jaffa](#) ata a [ría de Arousa](#), acompañado por Atanasio e Teodoro, dous dos seus discípulos.

Os tres remontarían nunha barca de pedra a ría arousana e o [Río Ulla](#) ata chegar a Padrón, guiados por unha estrela, segundo narra a lenda. Aquí quedaría amarrada ao Pedrón, unha ara romana adicada ao deus Neptuno, que o cristianismo convertería en símbolo xacobeo. Hoxe en día sitúase baixo o altar maior da igrexa de Santiago de Padrón, onde cada 30 de decembro se conmemora cunha cerimonia, ao igual que na catedral compostelá, a traslación do corpo apostólico.

Esta ruta é unha das máis destacadas en relación á presenza de relevantes escritores nos lugares polos que pasa,

xa que o viaxeiro se atopará con varias casas museo dedicadas a literatos como **Manuel Lueiro Rey**, **Ramón del Valle-Inclán**, os irmáns **Camba**, **Rosalía de Castro** ou **Castelao**, **Rafael Dieste** e **Manuel Antonio**.

Precisamente estes tres últimos son importantes intelectuais da vila de [Rianxo](#). As súas tres casas natais atópanse na mesma rúa, Rúa de Abaixo, no centro da vila, A de **Manuel Antonio** está musealizada e é visitable. Nela





- Din que non hay rías mais bonitas que as nosas.
- Pero xa non teñen peixes.

pódese aprender sobre a súa obra, contemplar documentos orixinais e referencias ao contexto social e cultural no que traballou. Este proxecto forma parte da Academia Literaria de Rianxo, a través da cal se pretenden musealizar as vivendas destes tres literatos.

Manuel Antonio é un destacado poeta en lingua galega, que na súa mocidade militou no galeguismo e no republicanismo, relacionándose con colegas como **Rafael Dieste**, **Castelao** ou **Vicente Risco**. Sería precisamente este último quen o introduciría nos movementos de vangarda europeos do primeiro terzo do século XX, o que lle influiría definitivamente na súa produción literaria, ademais de colaborar en revistas como *Alfar* ou *Ronsel*. O poemario *De Catro a Catro* está considerado como unha das súas obras máis destacadas, escrita durante as súas travesías en barco como mariño mercante. O creacionismo e a nova disposición gráfica con espazos en branco e trazos introduciu a vangarda na poesía galega do pasado século.

O seu veciño, **Rafael Dieste**, escribiu en galego e español e formou parte da Xeración do 27, abordando o teatro, os contos e as novelas. Como tantos outros militantes antifascistas, Dieste viuse obrigado ao exilio, e recalou en diversos países americanos e no Reino Unido, onde compaxinou a súa faceta de escritor coa docencia en diversas institucións superiores. Seus son algúns dos títulos máis relevantes da literatura galega, como *Dos arquivos do trasno*, *A fiesta valdeira*, *Promesa del viejo y la doncella* ou *Camino de Santiago y otros relatos*. Neste último o autor combina os tintes autobiográficos co lírico, o simbólico e o fantástico coa ruta xacobeá como fío condutor.

Pódese dicir que desta tríada de Rianxo, **Castelao** é o autor que máis defendeu e se interesou pola cultura xacobeá, que vinculaba co carácter europeo de Galicia e coa construción da súa identidade. **Alfonso Daniel Rodríguez Castelao** é un dos máis destacados intelectuais galegos do século XX. Multifacético, dedicou a súa vida á política,

O Libro III do *Códice Calixtino* narra o labor de evanxelización que Santiago realizou por terras hispanas e o seu posterior traslado desde Xerusalén a Galicia, onde se situaría definitivamente o sepulcro. Resulta curioso ler como nesta publicación se menciona a tradición da cuncha de vieira vencellada á peregrinación e que incluso se coloca como atributo na iconografía do Santiago peregrino. «Cóntase que sempre que a melodía da caracola de Santiago, que levan consigo os peregrinos, resoa nos oídos das xentes, auméntase nela a devoción da fe, rexéitanse lonxe todas as insidias do inimigo; o fragor das sarabias, a axitación das borrascas, o ímpetu das tempestas suavízanse en troncos de festa; os soplos dos ventos contéñense de xeito saudable e moderadamente; as forzas do aire abátense», recolle o libro.

á escritura, á pintura e ao debuxo. Autor de ensaios, obras de teatro e prosa, desenvolveu o seu traballo entre España e diversos países americanos, faleceu en Bos Aires, tras exiliarse debido á Guerra Civil española. Seus son títulos como *Sempre en Galiza*, *As cruces de pedra na Bretaña*, *Os vellos non deben namorarse*, *Un ollo de vidro*, *Os dous de sempre*, *Cousas*, *Álbum Nós*, *Galicia mártir* ou *Cousas da vida*.

Na outra beira da ría de Arousa sitúase a localidade de [Vilanova](#) na que o visitante amante das letras poderá coñecer máis a fondo as vidas e as obras dos **irmáns Camba** e de **Valle-Inclán**, xa que a vila ofrece a posibilidade de

visitar as súas casas museo, nas que consultar documentación e contemplar obxectos persoais destas figuras literarias.

A obra *Flor de Santidad*, escrita por Ramón María del Valle-Inclán en 1904, achégase ao contido xacobeo, xa que a protagonista coñecerá un peregrino que lle cambiará definitivamente a súa vida. Poeta, novelista, ensaísta, dramaturgo e xornalista, **Valle-Inclán** é un dos máis destacados literatos en lingua española de todos os tempos. Cunha personalidade moi particular e unha capacidade de traballo encomiable, o escritor viviría e viaxaría por distintos países americanos e en distintas ci-



«O seu carácter relixioso provén do misticismo cabaleiresco da Idade Media, francamente europeo, atlántico e occidental; o seu carácter patriótico dimana da ofensiva oito veces secular, iniciada en Galicia contra o Islam; o seu carácter civil provén da confluencia dos camiños de Europa en Compostela e da irradiación do xenio de Galicia a través deses mesmos camiños», así describe **Castelao** en *Sempre en Galiza* a celebración do Día de Galicia, o 25 de xullo, que coincide coa festa na honra ao apóstolo Santiago.

dades españolas, onde era asiduo aos faladoiros dos cafés nos que se relacionaba con intelectuais contemporáneos do máis variado. Creador do xénero do esperpento, a súa obra será recordada por “buscar o lado cómico no tráxico da vida”, como el mesmo definiría. Son de lectura obrigada títulos seus como *Divinas palabras*. *Tragicomedia de aldea*, *Luces de bohemia*. *Esperpento*, *El terno del difunto*, *El marqués de Brandomín*. *Coloquios románticos*, *Tirano Banderas*. *Novela de tierra caliente*, *El ruedo ibérico* ou *Jardín novelesco*.

Francisco e Julio Camba son os outros grandes escritores de Vilanova. Ambos moi vinculados no eido xornalístico, desenvolveron a súa carreira en diversos periódicos e diarios a nivel nacional, que compaxinaron coas súas traxectorias literarias como novelistas. Instaláronse os dous en Madrid, aínda que Julio sería corresponsal de diversos medios en distintos enclaves internacionais. Deste recompiláronse artigos para títulos como *Crónicas de viaje*. *Impresiones de un corresponsal español*,



Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón

A Ruta Rosaliana ou As pegadas de Rosalía é un xeito de descubrir a vida e obra desta escritora a través de lugares como Ames, Brión, Padrón, Dodro ou Santiago, que formaron parte da súa vida e que inspiraron a súa obra. Completar este itinerario achega o viaxeiro dunha forma moi íntima ao sentir e pensar desta escritora universal. Neste enlace web atoparedes toda a información: <https://www.rutarosaliana.gal/es/>

Galicia o ¡Oh, justo, sutil y poderoso veneno! Seus son *Un año en otro mundo*, *El matrimonio de Restrepo*, *Sobre casi todo* o *Sobre casi nada*, obras nas que deixa patente o seu particular sentido do humor. Do seu irmán Francisco pódense destacar títulos como *La noche mil y dos*, *La sirena rubia*, *El enigma de las llamas azules* ou *El vellocino de plata*, onde aborda a temática da emigración a América.

Esta ruta ten como última parada destacada [Padrón](#), antes da súa chegada a Santiago. E ese nome asóciase directamente coa figura de **Rosalía de Castro**, protagonista fundamental do Rexurdimento galego, movemento que a finais do século XIX reviviu a lingua, a literatura e a cultura galegas, tras séculos de ostracismo. Rosalía escribiu tanto en galego como en español e a súa obra é un símbolo de Galicia, ademais de estar considerada como a precursora da poesía española moderna, xunto a **Gustavo Adolfo Bécquer**.

Follas Novas, *En las orillas del Sar* ou *Cantares gallegos* supuxeron o rexurdimento dunha tradición literaria perdida en Galicia e a consagración dunha escritora universal que é traducida a numerosos idiomas e sobre cuxa produción se continúa investigando en institucións de todo o mundo.

Esta escritora ergueu a voz a través da súa obra para denunciar as pésimas condicións da sociedade galega rural, reivindicou a figura da muller e a cultura e identidade galegas. As súas creacións, bañadas por unha visión íntima e lírica moi personal, foron reivindicadas polos membros da Xeración do 98 e autores como **Unamuno**, **Azorín** ou **Juan Ramón Jiménez** destacaron a importancia dos traballos da escritora galega. Quen queira achegarse á sociedade galega finesecular atopará nos versos e na prosa de Rosalía unha fonte de excepcional calidade.

Obra realizada para o Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021